

## 1. Identificación da programación

### Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15016000	Compostela	Santiago de Compostela	2018/2019

### Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
HOT	Hostalaría e turismo	CSHOT01	Xestión de aloxamentos turísticos	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de adultos

### Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0171	Estrutura do mercado turístico	2018/2019	4	133	133

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

### Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	LOURDES MEILÁN VÁZQUEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector



## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Proxecto de FP dual coa empresa ARLEA HOTELS S.L.U. , no que se combinarán os procesos de ensino e aprendizaxe na empresa e no centro formativo.

Esta programación realízase para o módulo ESTRUTURA DO MERCADO TURÍSTICO, pertencente ao CICLO FORMATIVO DE GRAO SUPERIOR DE XESTIÓN DE ALOXAMENTOS TURÍSTICOS; tomado como referencia o Decreto 55/2010, do 18 de marzo, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en xestión de aloxamentos turísticos.

Competencia xeral.

A competencia xeral deste título consiste en organizar e controlar establecementos de aloxamento turístico, aplicando as políticas empresariais establecidas, controlando obxectivos dos departamentos, accións comerciais e os resultados económicos do establecemento, prestando o servizo na área de aloxamento e asegurando a satisfacción da clientela.

Competencias profesionais, persoais e sociais:

- a) Coordinar os servizos propios dos establecementos de aloxamento turístico, e dispor as estruturas organizativas óptimas para a xestión e o control dos seus departamentos.
- b) Detectar oportunidades de negocio e novos mercados, e aplicar métodos innovadores, analizando as alternativas de investimento e financiamento ligadas a eles.
- c) Analizar o mercado e comercializar o produto base propio do aloxamento, así como os servizos e os produtos complementarios, xestionando as reservas con criterios de eficiencia empresarial.
- d) Controlar e supervisar o departamento de pisos, establecendo os recursos humanos e materiais, así como prestar o servizo, de ser o caso.
- e) Controlar e supervisar o departamento de recepción, e, de ser o caso, prestar o servizo, asegurando a atención á clientela cos niveis de calidade establecidos.
- f) Organizar e facer promoción de eventos no propio establecemento, en coordinación cos departamentos implicados, xestionando os recursos humanos e os materiais necesarios.
- g) Supervisar a correcta atención á clientela, o servizo posvenda e a xestión de queixas e reclamacións, para lograr a súa satisfacción.
- h) Propor a implantación de sistemas de xestión innovadores, adecuando e empregando as tecnoloxías da información e da comunicación.
- i) Supervisar o cumprimento das normas relativas a seguridade laboral, ambiental e de hixiene nos establecementos de aloxamento turístico.
- j) Motivar o persoal a cargo, delegar funcións e tarefas, e promover a participación e o respecto, as actitudes de tolerancia e os principios de igualdade de oportunidades.
- k) Manter o espírito empresarial para a xeración do propio emprego.
- l) Cumprir os obxectivos da produción, colaborando co equipo de traballo conforme os principios de responsabilidade e tolerancia.
- m) Adaptarse a novas situacións laborais e a diferentes postos de traballo orixinados por cambios tecnolóxicos e organizativos nos procesos produtivos.
- n) Resolver problemas e tomar decisións individuais seguindo as normas e os procedementos establecidos, definidos dentro do ámbito da súa competencia.
- o) Exercer os dereitos e cumprir as obrigas derivadas das relacións laborais, consonte o establecido na lexislación.
- p) Xestionar a propia carreira profesional analizando as oportunidades de emprego, de autoemprego e de aprendizaxe.
- q) Participar na vida económica, social e cultural, cunha actitude crítica e responsable.

Contorno profesional.

1. Este profesional exerce a súa actividade habitualmente no sector turístico, nomeadamente no subsector dos aloxamentos turísticos hoteleiros e extrahoteleiros, incluíndo tamén algúns tipos afíns, como as residencias sanitarias, hospitalarias e de estudantes, entre outras, independentemente da súa su modalidade.



2. Trátase de persoal fundamentalmente por conta allea, dado o grande investimento en inmovilizado que adoita supor o aloxamento, e que exerce as súas actividades en labores de xestión, dirección e supervisión en áreas funcionais de recepción, reservas, pisos e eventos.

3. As ocupacións e os postos de traballo máis salientables son os seguintes:

¿ Subdirector/ora de aloxamentos de establecementos turísticos.

¿ Xefe/a de recepción.

¿ Encargado/a de reservas.

¿ Xefe/a de reservas.

¿ Coordinador/ora de calidade.

¿ Gobernante/a ou encargado/a xeral do servizo de pisos e limpeza.

¿ Subgobernante/a ou encargado/a de sección do servizo de pisos e limpeza. Xestor/ora de aloxamento en residencias, hospitais e similares.

¿ Xestor/ora de aloxamento en casas rurais.

¿ Coordinador/ora de eventos.

¿ Xefe/a de vendas en establecementos de aloxamentos turísticos.

¿ Comercial de establecementos de aloxamentos turísticos.

Prospectiva do título no sector ou nos sectores.

1. Os establecementos de aloxamento turístico, que nun principio daban resposta a un tipo de clientela vacacional tradicional, foron evolucionando, engadíndolle unha gama máis ampla de oferta ao produto base. Este feito foi ligado á incorporación de sistemas de xestión máis modernos, así como á introdución de novos modelos de aloxamento. A poboación consumidora, pola súa banda, foi adquirindo unha cultura de viaxe, tanto por lecer como por traballo, que produciu un incremento na frecuencia dos desprazamentos, nos destinos e nos tipos de aloxamento. A facilidade para comparar os produtos de aloxamento existentes no sector fai que a poboación consumidora sexa cada vez máis esixente e procure servizos máis novos e personalizados.

2. As empresas evolucionan con rapidez, mesmo anticipándose aos cambios no sector, polo que cómpre contar cada vez máis con profesionais con mellor preparación que sexan capaces de adaptarse e anticiparse á evolución cambiante do mercado da xestión dos establecementos turísticos e afíns.

3. Informes da Organización Internacional do Traballo e da Organización Mundial do Turismo, entre outros, reflicten a dobre tendencia no turismo e, concretamente, no sector do aloxamento: introdución das novas tecnoloxías na xestión, e internacionalización da industria hoteleira. A consolidación e a expansión do euro como moeda de intercambio, a liberalización do sector do transporte aéreo, coa aparición da compañías de baixo custo, así como a crecente integración dos sectores turísticos, de comercio e do lecer, amosáronse factores de influencia decisivos nos cambios que se indican.

4. Outro punto salientable é a dificultade que ten o sector para atraer e conservar persoal traballador con cualificación e a mellora da súa formación profesional para o emprego. Todo iso cómpre para estabilizar a forza de traballo no sector e, ao mesmo tempo, incrementar a produtividade nas empresas e a calidade dos servizos.

5. O anterior está intimamente ligado á implantación de novos xeitos de xestión do aloxamento, desenvolvido en paralelo ás novas tecnoloxías. A tendencia xeral móvese cara a un aumento da responsabilidade do persoal, a formación polivalente, o traballo en equipo e a coordinación entre os seus membros.



**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Formación en empresa.	Formación curricular que se adquirirá na empresa.	45	10
2	*Introdución ao mundo do turismo	Definición e evolución do turismo. As organizacións e asociacións turísticas. As administracións públicas relacionadas co sector. Os efectos positivos e negativos da actividade turística.	15	10
3	*As tipoloxías turísticas	As distintas formas de turismo. Identificación das tipoloxías turísticas e os destinos relacionadas en Galicia, España e a nivel internacional.	25	15
4	*O turismo como actividade económica	Relación entre o turismo e os indicadores económicos. Introdución ao mercado turístico e fontes de información turística. Principais profesións do sector.	10	5
5	*A oferta turística	Descrición, clasificación e normativa aplicable ás distintas empresas prestatarías de servizos turísticos.	20	30
6	*A demanda turística	Caracterización e análise da demanda turística.	18	30



#### 4. Por cada unidade didáctica

##### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Formación en empresa.	45

##### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Contextualiza o sector turístico, a súa evolución histórica e a súa situación actual, e analiza as súas implicacións como actividade socioeconómica.	NO
RA2 - Identifica as tipoloxías turísticas en relación coa demanda e a súa previsible evolución.	NO
RA3 - Analiza a oferta turística e caracteriza os seus principais compoñentes, así como as canles de intermediación e de distribución.	NO
RA4 - Caracteriza a demanda turística en relación cos factores e os elementos que a motivan, así como as súas tendencias actuais.	NO

##### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.6 Recoñeceuse o uso das novas tecnoloxías no sector turístico e o seu impacto como elemento dinamizador.
CA1.6.2 Recoñeceuse o uso das novas tecnoloxías no subsector de aloxamentos, e o seu impacto como elemento dinamizador.
CA2.1 Definíronse as tipoloxías turísticas en relación coas súas características básicas.
CA2.4 Analizáronse as tendencias das tipoloxías turísticas estatais.
CA2.5 Analizáronse as tendencias das tipoloxías turísticas internacionais.
CA2.7 Valoráronse os factores que inflúen na demanda, a incidencia que se pode ter sobre eles e a súa distribución.
CA3.1 Identificouse o mercado turístico e as súas características.
CA3.2 Definiuse a oferta turística xunto cos seus elementos e a súa estrutura básica.
CA3.3 Caracterizáronse as canles de intermediación turística, así como os novos sistemas de distribución.
CA3.4 Diferenciáronse as empresas de aloxamentos turísticos segundo a súa tipoloxía e as súas características básicas.
CA4.1 Conceptualizáronse e determináronse os factores da demanda turística.
CA4.2 Clasificouse a clientela pola súa tipoloxía e a súa nacionalidade.
CA4.3 Descríbense os elementos externos que inflúen na elasticidade da demanda.
CA4.4 Caracterizáronse as principais motivacións da demanda turística.
CA4.5 Analizouse a metodoloxía de compra segundo o tipo de clientela.
CA4.6 Caracterizouse a estacionalización da demanda e as técnicas de desestacionalización.
CA4.7 Investigáronse as tendencias actuais da demanda, así como os mercados emerxentes.



Criterios de avaliación
-------------------------

CA4.8 Valorouse a importancia de coñecer a clientela como elemento dinamizador da demanda turística.
------------------------------------------------------------------------------------------------------

#### 4.1.e) Contidos

Contidos
----------

Valoración das novas tecnoloxías como fontes de información e promoción turística.
------------------------------------------------------------------------------------

Valoración das novas tecnoloxías do subsector de aloxamento, como fontes de información e promoción turística.

Factores que interveñen na demanda e incidencia que se pode exercer sobre eles.

O mercado turístico e as súas características.

Oferta turística: elementos e estruturas.

Intermediación turística. Canles de distribución.

Empresas de aloxamentos turísticos.

#### 4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	*Introdución ao mundo do turismo	15

#### 4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Contextualiza o sector turístico, a súa evolución histórica e a súa situación actual, e analiza as súas implicacións como actividade socioeconómica.	NO
RA2 - Identifica as tipoloxías turísticas en relación coa demanda e a súa previsible evolución.	NO

#### 4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Definíronse os elementos básicos que caracterizan o sector turístico.
CA1.2 Analizouse a evolución do turismo.
CA1.3 Identificáronse e caracterizáronse as institucións públicas e privadas relacionadas co sector turístico.
CA1.4 Valorouse a importancia da actividade turística respecto ao desenvolvemento económico e social do núcleo turístico.
CA1.5 Identificáronse os encontros estatais e internacionais en materia de turismo, e a súa importancia para o sector.
CA1.6 Recoñeceuse o uso das novas tecnoloxías no sector turístico e o seu impacto como elemento dinamizador.
CA1.6.1 Recoñeceuse o uso das novas tecnoloxías no sector turístico en xeral, e o seu impacto como elemento dinamizador.
CA1.6.2 Recoñeceuse o uso das novas tecnoloxías no subsector de aloxamentos, e o seu impacto como elemento dinamizador.
CA1.7 Valorouse a importancia da profesionalidade no contorno da profesión turística.
CA1.8 Identificouse e analizouse a normativa básica do sector turístico a nivel internacional, nacional e autonómico
CA1.8.1 Identificouse a normativa básica do sector turístico a nivel internacional, nacional e autonómico
CA2.6 Descríronse as vantaxes e os inconvenientes do desenvolvemento turístico dunha zona.
CA2.6.1 Descríronse os efectos medioambientais da actividade turística
CA2.6.2 Descríronse os efectos socioculturais da actividade turística

#### 4.2.e) Contidos

Contidos
Normativa básica do sector turístico a nivel internacional, nacional e autonómico
*Administración e política turísticas en España
*Lexislación turística básica, a nivel autonómico, nacional e internacional
Conceptos básicos do turismo: turismo, turista, visitante, excursionista, etc.



Contidos

\*Definicións básicas

\*Os axentes do turismo

\*As relacións internacionais e o turismo

Evolución do turismo.

\*Un paseo ata o século XIX

\*Os inicios do turismo actual

\*A universalización do turismo

\*Tendencias do turismo para o século XXI

Principais eventos locais, autonómicos, estatais e internacionais en materia de turismo.

Entidades públicas e privadas de ámbito local, autonómico, estatal e internacional relacionadas co sector turístico.

\*Principais organizacións e asociacións mundiais

\*Principais organismos y asociacións profesionais en España.

Principais organismos e asociacións profesionais en Galicia

Valoración da actividade turística no desenvolvemento dun núcleo de poboación.

Valoración das novas tecnoloxías como fontes de información e promoción turística.

Valoración das novas tecnoloxías do sector turístico en xeral, como fontes de información e promoción turística.

Valoración das novas tecnoloxías do subsector de aloxamento, como fontes de información e promoción turística.

Valoración da persoa profesional do turismo no ámbito da súa profesión.

Impactos económicos, sociais, culturais e ambientais do turismo a nivel local, autonómico, estatal e internacional.

\*Efectos ambientais do turismo a nivel local, autonómico, estatal e internacional.

\*Efectos sociais e culturais do turismo a nivel local, autonómico, estatal e internacional.





#### 4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	*As tipoloxías turísticas	25

#### 4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica as tipoloxías turísticas en relación coa demanda e a súa previsible evolución.	NO

#### 4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Defínense as tipoloxías turísticas en relación coas súas características básicas.
CA2.1.1 Defínese o turismo cultural, así coma as súas posibles subtipoloxías, en relación coas súas características básicas.
CA2.1.2 Defínese o turismo MICE, así coma as súas posibles subtipoloxías, en relación coas súas características básicas.
CA2.1.3 Defínese o turismo de saúde e beleza, así coma as súas posibles subtipoloxías, en relación coas súas características básicas.
CA2.1.4 Defínese o turismo rural en relación coas súas características básicas.
CA2.1.5 Defínese o turismo de natureza en relación coas súas características básicas.
CA2.1.6 Defínese o turismo activo, así coma as súas posibles subtipoloxías, en relación coas súas características básicas.
CA2.1.7 Defínese o turismo de sol e praia en relación coas súas características básicas.
CA2.1.8 Defínense outras posibles tipoloxías de turismo en relación coas súas características básicas.
CA2.2 Localízanse as tipoloxías turísticas pola súa distribución xeográfica.
CA2.2.1 Localízanse as tipoloxías turísticas pola súa distribución xeográfica, no entorno nacional.
CA2.2.2 Localízanse as tipoloxías turísticas pola súa distribución xeográfica, no entorno internacional.
CA2.3 Relaciónanse os factores que inflúen na localización espacial segundo o tipo de turismo da zona.
CA2.4 Analízanse as tendencias das tipoloxías turísticas estatais.
CA2.5 Analízanse as tendencias das tipoloxías turísticas internacionais.

#### 4.3.e) Contidos

Contidos
Modalidades do turismo.
Tipoloxías turísticas (sol e praia, cultural, deportivo, rural, de grandes eventos, etc.), e as súas características (factores que inflúen na súa localización espacial).
Localización xeográfica das principais tipoloxías turísticas.
Localización xeográfica das principais tipoloxías turísticas no entorno nacional.



Contidos

Localización xeográfica das principais tipoloxías turísticas, no entorno internacional.

Tendencias das tipoloxías turísticas estatais e internacionais.

Impactos económicos, sociais, culturais e ambientais do turismo a nivel local, autonómico, estatal e internacional.



#### 4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	*O turismo como actividade económica	10

#### 4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica as tipoloxías turísticas en relación coa demanda e a súa previsible evolución.	NO
RA3 - Analiza a oferta turística e caracteriza os seus principais compoñentes, así como as canles de intermediación e de distribución.	NO
RA4 - Caracteriza a demanda turística en relación cos factores e os elementos que a motivan, así como as súas tendencias actuais.	NO

#### 4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.6 Descríbense as vantaxes e os inconvenientes do desenvolvemento turístico dunha zona.
CA2.6.3 Descríbense os efectos económicos da actividade turística
CA3.1 Identifícouse o mercado turístico e as súas características.
CA4.9 Identifícanse, valoráronse e utilizáronse as estadísticas nacionais e internacionais de turismo, así coma outras fontes de información, como instrumentos de estudo da demanda turística.
CA4.9.1 Identifícanse e valoráronse as estadísticas nacionais e internacionais de turismo, así coma outras fontes de información, como instrumentos de estudo da demanda turística.

#### 4.4.e) Contidos

Contidos
Impactos económicos, sociais, culturais e ambientais do turismo a nivel local, autonómico, estatal e internacional.
*Efectos económicos a nivel local, autonómico, estatal e internacional.
O mercado turístico e as súas características.
Fontes de información turística



#### 4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	*A oferta turística	20

#### 4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Contextualiza o sector turístico, a súa evolución histórica e a súa situación actual, e analiza as súas implicacións como actividade socioeconómica.	NO
RA3 - Analiza a oferta turística e caracteriza os seus principais compoñentes, así como as canles de intermediación e de distribución.	NO

#### 4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.8 Identifícase e analízase a normativa básica do sector turístico a nivel internacional, nacional e autonómico
CA1.8.2 Analízase a normativa básica do sector turístico a nivel internacional, nacional e autonómico
CA3.1 Identifícase o mercado turístico e as súas características.
CA3.2 Defínese a oferta turística xunto cos seus elementos e a súa estrutura básica.
CA3.4 Diferenciáronse as empresas de aloxamentos turísticos segundo a súa tipoloxía e as súas características básicas.
CA3.5 Identifícanse os medios de transporte de carácter turístico e os servizos ligados a eles.
CA3.6 Caracterízase a oferta complementaria.
CA3.7 Descríbense as peculiaridades do núcleo turístico.
CA3.8 Valorouse a importancia do turismo na economía do núcleo turístico.

#### 4.5.e) Contidos

Contidos
<p>Normativa básica do sector turístico a nivel internacional, nacional e autonómico</p> <p>*Lexislación turística básica, a nivel autonómico, nacional e internacional</p> <p>O mercado turístico e as súas características.</p> <p>Oferta turística: elementos e estruturas.</p> <p>Intermediación turística. Canles de distribución.</p> <p>Empresas de aloxamentos turísticos.</p> <p>Medios de transporte turísticos.</p> <p>Oferta complementaria. Empresas de restauración turística. Servizos diversos.</p> <p>Núcleo turístico: características. Recursos turísticos.</p> <p>Importancia económica do turismo para o núcleo turístico.</p>



Contidos
A oferta turística en Galicia.



#### 4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	*A demanda turística	18

#### 4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Caracteriza a demanda turística en relación cos factores e os elementos que a motivan, así como as súas tendencias actuais.	SI

#### 4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Conceptualizáronse e determináronse os factores da demanda turística.
CA4.2 Clasificouse a clientela pola súa tipoloxía e a súa nacionalidade.
CA4.3 Describíronse os elementos externos que inflúen na elasticidade da demanda.
CA4.4 Caracterizáronse as principais motivacións da demanda turística.
CA4.5 Analizouse a metodoloxía de compra segundo o tipo de clientela.
CA4.6 Caracterizouse a estacionalización da demanda e as técnicas de desestacionalización.
CA4.7 Investigáronse as tendencias actuais da demanda, así como os mercados emerxentes.
CA4.8 Valorouse a importancia de coñecer a clientela como elemento dinamizador da demanda turística.
CA4.9 Identificáronse, valoráronse e utilizáronse as estadísticas nacionais e internacionais de turismo, así como outras fontes de información, como instrumentos de estudo da demanda turística.
CA4.9.1 Identificáronse e valoráronse as estadísticas nacionais e internacionais de turismo, así como outras fontes de información, como instrumentos de estudo da demanda turística.
CA4.9.2 Utilizáronse as estadísticas nacionais e internacionais de turismo, así como outras fontes de información, como instrumentos de estudo da demanda turística.

#### 4.6.e) Contidos

Contidos
Fontes de información turística
Estadísticas nacionais e internacionais
Outras fontes de información.
Demanda turística: definición e caracterización.
Factores que interveñen na súa determinación.
Elementos externos que inflúen na elasticidade da demanda turística
Clientela: tipoloxía, características e comportamentos de compra.
Motivacións da demanda turística.
Estacionalidade da demanda. Accións de desestacionalización.



Contidos
Tendencias actuais da demanda turística.
Valoración da importancia de coñecer a clientela como elemento dinamizador da demanda.



## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

### MÍNIMOS EXIXIBLES PARA ACADAR A AVALIACIÓN POSITIVA

Recoñeceuse o uso das novas tecnoloxías no subsector de aloxamentos, e o seu impacto como elemento dinamizador.

Definíronse os elementos básicos que caracterizan o sector turístico.

Identificáronse e caracterizáronse as institucións públicas e privadas relacionadas co sector turístico.

Valorouse a importancia da actividade turística respecto ao desenvolvemento económico e social do núcleo turístico.

Recoñeceuse o uso das novas tecnoloxías no sector turístico en xeral, e o seu impacto como elemento dinamizador.

Recoñeceuse o uso das novas tecnoloxías no subsector de aloxamentos, e o seu impacto como elemento dinamizador.

Identificouse a normativa básica do sector turístico a nivel internacional, nacional e autonómico

Definíronse as tipoloxías turísticas en relación coas súas características básicas.

Analizáronse as tendencias das tipoloxías turísticas estatais e internacionais.

Descríbironse os efectos medioambientais da actividade turística

Descríbironse os efectos socioculturais da actividade turística

Definiuse o turismo cultural, o turismo de saúde e beleza, o turismo de natureza, o turismo rural, o turismo activo, o turismo de sol e praia , así coma as súas posibles subtipoloxías, en relación coas súas características básicas, así coma outras tipoloxías turísticas.

Localizáronse as tipoloxías turísticas pola súa distribución xeográfica, no entorno nacional.

Relacionáronse os factores que inflúen na localización espacial segundo o tipo de turismo da zona.

Identificouse o mercado turístico e as súas características.

Definiuse a oferta turística xunto cos seus elementos e a súa estrutura básica.

Caracterizáronse as canles de intermediación turística, así como os novos sistemas de distribución.

Diferenciáronse as empresas de aloxamentos turísticos segundo a súa tipoloxía e as súas características básicas.

Clasificouse a clientela pola súa tipoloxía e a súa nacionalidade.

Caracterizáronse as principais motivacións da demanda turística.

Analizouse a metodoloxía de compra segundo o tipo de clientela.

Caracterizouse a estacionalización da demanda e as técnicas de desestacionalización.

Valorouse a importancia de coñecer a clientela como elemento dinamizador da demanda turística.

Descríbironse os elementos externos que inflúen na elasticidade da demanda.

Clasificouse a clientela pola súa tipoloxía e a súa nacionalidade.

Conceptualizáronse e determináronse os factores da demanda turística.

Descríbironse os efectos económicos da actividade turística

Identificáronse, valoráronse e utilizáronse as estadísticas nacionais e internacionais de turismo, así coma outras fontes de información, como instrumentos de estudo da demanda turística.

Utilizáronse as estadísticas nacionais e internacionais de turismo, así coma outras fontes de información, como instrumentos de estudo da demanda turística.

Identificáronse os medios de transporte de carácter turístico e os servizos ligados a eles.

Caracterizouse a oferta complementaria.

Descríbironse as peculiaridades do núcleo turístico.

Investigáronse as tendencias actuais da demanda, así como os mercados emerxentes.





## CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

### 1. PRIMEIRA AVALIACIÓN PARCIAL.

Na primeira avaliación, que é presencial para a modalidade de Dual, a cualificación conformarase do seguinte xeito, do 1 ao 10.

Actividades e traballos (entrega escrita e exposición de contidos): 20-30%

Examen: 70-80%

Para acadar a avaliación positiva, o alumnado terá que acadar, a lo menos, o 50% da nota máxima en cada un dos anteriores apartados (exame - actividades e traballos)

### 2. SEGUNDA AVALIACIÓN PARCIAL.

Na segunda avaliación, que se impartirá a distancia na modalidade de Dual, a cualificación conformarase do seguinte xeito, do 1 ao 10.

Exame: 70-80%

Actividades e traballos escritos: 20-30%

Para acadar a avaliación positiva, o alumnado terá que acadar, a lo menos, o 50% da nota máxima en cada un dos anteriores apartados (exame - actividades e traballos)

### 3. AVALIACIÓN FINAL

A cualificación final de módulo será expresada do 1 ao 10, tendo en conta o seguinte:

Calcularase a media aritmética das cualificacións obtidas na primeira e na segunda avaliación. Esta cualificación terá un peso na cualificación final dun 90%.

Os criterios de avaliación establecidos para ser acadados na empresa valoraránse segundo informe de dita empresa. Esta cualificación terá un peso na cualificación final dun 10%.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Terase en conta a Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial.

#### PROCEDEMENTO E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

- 1) De non ter aprobadas todas as avaliacións, o alumnado deberá recuperar aquelas avaliacións que estean suspensas no período estipulado.
- 3) As probas, por regra xeral, serán cuestionarios tipo test, de preguntas a desenvolver ou cuestións curtas, ou ben traballos ou proxectos a presentar de xeito oral ou escrito.
- 4) Traballos e exercicios prácticos propostos: Valorarase a iniciativa, o esforzo e a autosuficiencia na busca de información e no manexo de bibliografía especializada. Terase en conta a presentación, a capacidade crítica, a capacidade comunicativa e a organización na exposición. É preciso observar que é requisito imprescindible presentar os anteditos traballos na data sinalada a tal fin para ter dereito a superar a avaliación. De non presentalos, en ningún caso será posible aprobar, nin sequera os exames de recuperación de xuño, ou os extraordinarios, excepto no caso de que se presenten antes destes últimos.
- 5) O alumnado que non supere a proba de recuperación de calquera das avaliacións en período ordinario, deberá examinarse de toda a materia, no seu caso, nas probas extraordinarias ao efecto

## 6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Terase en conta a Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial, no seus artigos 25.4 y 5.

O profesorado poderá non permitir a realización de determinadas actividades aos alumnos e ás alumnas que perdesen o dereito á avaliación continua, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmos, o resto do grupo ou as instalacións.

O alumnado que perde o dereito á avaliación continua co cal, por razóns de inasistencia reiterada, non sexa posible utilizar os instrumentos de avaliación previstos inicialmente para cada módulo profesional, terá dereito a realizar unha proba extraordinaria de avaliación previa á avaliación final de módulos correspondente.

Terase en conta ademais o establecido no punto terceiro da RESOLUCIÓN do 27 de xullo de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo no curso 2015/16.

1. Conforme se determina no artigo 25 da Orde do 12 de xullo de 2011, o número de faltas inxustificadas que implica a perda do dereito á avaliación continua nun determinado módulo será do 10 % respecto da súa duración total. Para os efectos de determinación da perda do dereito á avaliación continua, o profesorado valorará as circunstancias persoais e laborais do alumno ou a alumna na xustificación desas faltas, cuxa aceptación será acorde co establecido no correspondente regulamento de réxime interior do centro.

Para tales efectos e con carácter previo, o centro enviará un apercibimento ao alumno ou á alumna cando as faltas de asistencia inxustificadas, consonte o anterior, nun determinado módulo superen o 6 % respecto da súa duración total. Nel indicárase que perderá o dereito á avaliación continua no módulo de acumular un 10 % de inasistencias inxustificadas con respecto á súa duración total. Cando as faltas de asistencia alcancen a citada porcentaxe comunicárase a perda do dereito á avaliación continua. No caso de que se produza a perda do dereito á avaliación continua, na secretaría do centro deberá quedar constancia do apercibimento e da comunicación da perda do dereito á avaliación continua.

2. Para o alumnado matriculado logo de iniciadas as actividades lectivas, non se terán en consideración as sesións previas á formalización da matrícula.

A proba de avaliación extraordinaria terá lugar ao finalizar o período lectivo asignado a este módulo profesional, o alumnado será avaliado na convocatoria final ordinaria, comunicándose o día e a hora para a súa presentación.

Ademais, segundo as vixentes Normas de Organización e Funcionamento do centro, terase en conta o seguinte:

" para acadar un criterio claro e homoxéneo á hora de proceder, estableceuse para todos os módulos un máximo dun 10 % para faltas sen xustificación, ampliando dita porcentaxe un máximo dun 5% con xustificación. En todo caso un alumno ou alumna para cada módulo que curse non poderá ter máis do 10% de faltas sen xustificar e un 5% xustificadas, podendo chegar cos dous conceptos ata o 15% no curso académico. "

### PROCEDEMENTO:

A valoración da adquisición dos resultados de aprendizaxe do módulo profesional levarase a cabo a través da realización dunha proba dividida en dúas partes:

**PRIMEIRA PARTE.** Terá carácter eliminatorio, e dicir, de non superar esta parte da proba o alumnado non terá dereito a presentarse á segunda parte da proba, e consistirá nunha proba escrita que versará sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte. O profesor ou a profesora do módulo profesional, cualificará esta primeira parte da proba de cero a dez puntos. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos.

Ademais, se a primeira parte da proba se subdividise en bloques, cada bloque terá o mesmo peso na cualificación, pero será de carácter obrigatorio obter unha puntuación mínima en cada un destes para poder obter a nota da primeira parte como suma das cualificacións dos distintos bloques. No caso de que en algún bloque non estea calificado coa puntuación mínima, esta primeira parte da proba será calificada cun máximo de catro puntos. A cualificación mínima de cada bloque, de ser o caso, será a metade da cualificación do devandito bloque.

SEGUNDA PARTE. Deberá deseñarse cos criterios de avaliación do módulo relacionados cos coñecementos prácticos que deberá demostrar a persoa aspirante. Consistirá no desenvolvemento de un ou de varios supostos prácticos que versarán sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte. O profesor ou a profesora do módulo profesional, cualificará esta segunda parte da proba de cero a dez puntos. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos. As persoas que non superen a primeira parte da proba serán cualificadas cun cero nesta segunda parte. Ademais se a segunda parte da proba se subdividise en bloques, cada bloque terá o mesmo peso na cualificación pero será de carácter obrigatorio obter unha puntuación mínima en cada un destes para poder obter a nota da segunda parte como suma das cualificación dos distintos bloques. No caso de que algún bloque non estea calificado coa puntuación mínima, esta segunda parte da proba será calificada cun máximo de catro puntos. A calificación mínima de cada bloque, de ser o caso, será a metade da calificación do devandito bloque.

A cualificación final correspondente da proba de cada módulo profesional será a media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das partes, expresada con números enteiros, redondeada á unidade máis próxima. No caso das persoas aspirantes que suspendan a segunda parte da proba, a puntuación máxima que poderá asignarse será de catro puntos.

#### PRIMERA PARTE DA PROBA

**CARACTERÍSTICAS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:** terá carácter eliminatorio e consistirá nunha proba escrita que versará sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte.

Esta parte poderá estar formada por un ou varios bloques. Estes bloques poderían ser: preguntas tipo test, preguntas curtas, recheo de ocios ou preguntas a desenvolver. O tempo máximo para a realización da primeira parte da proba será de 4 horas.

**MATERIAL NECESARIO:** bolígrafo azul (non se permitirá a utilización de outro material distinto ao aquí exposto).

#### SEGUNDA PARTE DA PROBA

**CARACTERÍSTICAS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:** consistirá no desenvolvemento de un ou de varios supostos prácticos que versarán sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte.

Esta parte poderá estar formada por un ou varios bloques. Estes bloques poderían consistir na realización de: exercicios de cálculo, probas de execución, probas orais, comentarios e análise de texto e/ou imaxes, ... . O tempo máximo da segunda parte da proba será de 4 horas.

**MATERIAL NECESARIO:** bolígrafo azul, calculadora, lápiz. No caso de precisar programas informáticos ou equipos informáticos, estes serán facilitados polo centro.

Apercibimento superada a perda do 6% da duración do módulo ..... 3 faltas de asistencia inustificadas.

Perda do dereito avaliación continua, superado o 10% da duración do módulo..... 5 faltas de asistencia inustificadas.

## 7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

A orde de avaliación no seu artigo 23.5 sinala que cada departamento de familia profesional realizará cunha frecuencia mínima mensual o seguimento das programacións de cada módulo, indicando grado de cumprimento e xustificación razoada no caso de desviacións, ademais a programación será revisada ao inicio de curso e se entregará unha memoria final de curso.

Para o seguimento mensual:

Empregarase a aplicación informática de elaboración e seguemento de programacións.

Para a memoria final utilizaremos o modelo proporcionado pola xefatura de estudos ao final de curso. MD.75.PRO.04 do procedemento de Programación PR.75.PRO.01

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Tal e como se establece na lexislación vixente, Orde do 12 de xullo de 2011, no seu artigo 28: "Ao comezo das actividades do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades. Así mesmo, deberá servir para orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente.

Para este módulo pasarase durante a segunda quincena do curso, un cuestionario de avaliación inicial (sobre coñecementos previos, intereses e motivacións do noso alumnado) que se complementará cos datos proporcionados polo titor/a e datos de información de matrícula.

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Actividades diferenciadas, propoñendo, aos alumnos/as que presentan algunha dificultade para traballar certos contidos, actividades que lles permitan aproximarse a estes, ou ben actividades de ampliación na materia, para aqueles alumnos con maiores capacidades.

Materiais didácticos variados, que ofrezan un conxunto de actividades que aborden os contidos de distintas maneiras.

En todo caso, haberá unha coordinación co departamento de orientación, que tamén terá dado a súa visión de cal é o xeito de proceder e de facilitar ao alumnado a súa aprendizaxe.

En ningún caso estableceráanse uns mínimos distintos aos que figuran nesta programación, por entender que o alumno/a deberá acadar os mínimos independentemente da forma de acadalos.

Ademais terase en conta a LOMCE que modifica a redacción de certos artigos da LOE, en concreto no artigo 1, nos seguintes termos: «b) A equidade, que garanta a igualdade de oportunidades para o pleno desenvolvemento da personalidade a través da educación, a inclusión educativa, a igualdade de dereitos e oportunidades que axuden a superar calquera discriminación e a accesibilidade universal á educación, e que actúe como elemento compensador das desigualdades persoais, culturais, económicas e sociais, con especial atención ás que deriven de calquera tipo de discapacidade.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

No desenvolvemento do proceso de ensinanza-aprendizaxe están implícitos o traballo en grupo, a educación cívica, a igualdade de mulleres e homes e a educación para a convivencia. Estes conceptos, así como respecto aos compañeiros, profesores, aulas e material de traballo traballaranse a través de diferentes actividades.

É importante sinalar que ao longo do módulo se traballará coa educación en valores non só a través do traballo con actitudes recollidas no currículo do módulo, senón a través de distintos contidos inherentes ao noso traballo de aula-taller-obradoiro, para este módulo podemos destacar:

Educación do consumidor.

Aprender a conservar e valorar na súa xusta medida os bens persoais, como é o caso dos instrumentos empregados no sector turístico.



Valorar os produtos de consumo co obxetividade e saber adquirilos e consumilos de forma racional e equilibrada.  
Apreciar o desenvolvemento sostible mediante a reciclaxe de materiais, o deseño e consumo racional de obxectos...

Educación para a igualdade.

Estará sempre presente, xa que en ningún momento se fará diferenza entre o noso alumnado por causa do seu sexo, raza, crenzas ou calquera outra característica de diferenciación entre as persoas. Interesarse por coñecer, respectar e valorar a opinión e produción dos compañeiros, independentemente do seu sexo e da súa aparencia, colaborar con tódalas persoas, independentemente do seu sexo ou condición e amosar unha actitude crítica ante situacións nas que se produza calquera tipo de discriminación por razón do sexo.

Educación moral e cívica.

Manifestar actitudes propias sobre o sector turístico, visión crítica e actitude aberta a novas ideas, na resolución de problemas, interpretar o coñecemento do turismo técnico como unha ferramenta de traballo ao servizo da sociedade, e apreciar o noso patrimonio artístico e respetar as instalacións dos aloxamentos turísticos.

Educación para a paz.

Procurarase a resolución de conflitos fomentando o diálogo baseado no respecto, e, procurando atopar solucións de consenso de xeito democrático. Por exemplo: achegas de propostas ou ideas á hora de fixar condicións de entrega de traballos, datas de probas, etc..... Apreciar a linguaxe da actividade turística como medio de expresión e comunicación entre comunidades diversas. Amosar unha actitude flexible e aberta ante as opinións dos demais no desenvolvemento do traballo en equipo no momento de resolver un problema, así como amosar comprensión das diferentes culturas dos clientes que recibirán cada vez mais neste novo escenario da globalización.

Educación ambiental.

É fundamental fomentar o respecto ao medio ambiente e mesmo fomentar o correcto emprego dos medios de que se dispón sen desperdiciar papel, consumo de auga, electricidade, etc., insistir na reciclaxe e na conservación.

Educación para a saúde.

É importante adquirir bos hábitos posturais no traballo, así como uns adecuados hábitos de saúde e limpeza ou unha adecuada hixiene ocular ou visual nun sistema educativo e laboral onde os ordenadores toman cada día un papel máis importante, sen esquecer que a nivel profesional (tendo en conta nas situacións en que exercerán o seu traballo) deben ter en conta a súa saúde persoal e a do usuario como elementos cotiás do seu emprego.

Interculturalidade.

Traballando dende o principio de respecto as distintas culturas e xeitos de entender o mundo; entendendo isto como un enriquecemento; sinalar a este respecto, a cada vez máis frecuente presenza nas nosas aulas de alumnos de outras culturas que nos axudan a interpretar que non todas as realidades son iguais.

Consideraremos tamén de xeito transversal e como valor importante na Formación Profesional a orientación profesional polo carácter teórico-práctico que posúe o módulo e o ciclo, impregnando de funcionalidade cada unha das actividades que realicemos e contextualizándoas, sempre que sexa posible, no noso contorno socioeconómico.



**9.b) Actividades complementarias e extraescolares**

Ningunha prevista.